

LIMIAR

Para a maioría da xente do común, a economía é algo que se relaciona co diñeiro, os negocios, o mercado, as empresas, o traballo... e raramente coas persoas que están detrás de todo iso. Mesmo despois de anos de docencia neste campo, un sabe que estas ideas apenas teñen mudado na xente máis nova, que as traen gravadas a lume cando se achegan ao estudo das materias de economía. E non é estraño. Vivimos nunha sociedade cada vez máis mercantilizada, alcanzado ámbitos que hai varias décadas estaban ao marxe (as emisións atmosféricas, a maternidade subrogada, os dereitos sociais, as sementes, a xenética, etc), a fascinación consumista crece a cada paso, os referentes de éxito social son xente enriquecida por calquera vía, e a ideoloxía capitalista é sacralizada polos medios de comunicación de masas. Esta mesma ideoloxía esténdese nos libros de texto, non só de economía, mais tamén de materias máis xerais como as ciencias sociais ou a historia.

Ben é certo que, paseniñamente, van aparecendo nos programas educativos cuestións de actualidade como o quecemento global, os desequilibrios ecolóxicos, as desigualdades sociais, a discriminación sexual, etc, porén non sempre se revela que tras moitos destes problemas latexa unha forma de entender a sociedade propia do modelo capitalista dominante. En ocasións, semellaría que a resolución dos mesmos parte dunha concienciación individual máis ou menos estendida e da vontade de querer erradicalos. É menos habitual encontrar unha diagnose na que se observe con nitidez que a raíz do mal está nesa concepción económica que naturaliza as relacións capitalistas como as únicas posíbeis ou mesmo desexábeis.

Non se tomen estas afirmacións como unha crítica pouco piadosa a quen escribe ditos manuais ou elabora ditos programas. Desde a propia experiencia, e movéndonos nuns

planos de estudo en secundaria, no bacharelato ou mesmo na universidade, que apenas deixa marxe á entrar en determinados debates ou tratar certos temas fóra do marco xeral establecido, son consciente de que é moi difícil chegar a un tratamento fondo dos grandes problemas da humanidade no tempo do que se dispón nun curso académico. Máxime cando para facer dita crítica, primeiro debemos chegar ao coñecemento preciso daquilo que queremos cuestionar.

É precisamente aquí, en superar dita dificultade, onde se acha un dos grandes logros do libro de Vicent Cucarella. E faino ademais cunha linguaxe facilmente comprensíbel, sen necesidade de prescindir do rigor e do uso preciso dos conceptos económicos. Consígúeo mediante un relato novelado, cun estudante de bacharelato, Arnau, que mantén unha serie de diálogos socráticos cunha parella, Laia, que é economista, e Josep, físico de profesión. Neses diálogos que teñen lugar ao longo de dous meses do verán, Arnau vai sendo instruído nos temas fundamentais da economía, tanto naqueles máis convencionais como aqueles que teñen que ver cos novos escenarios aos que nos temos que enfrontar na actualidade. Esta forma dialogada, na que o estudante vai manifestando as súas dúbidas, mais tamén as súas reflexións e críticas, vaise lendo case como unha novela de intriga. Cada vez que sabemos algo novo ficamos co desexo de avanzar para ver como se desenvolve a trama. Cucarella vai creando co seu relato a maxia propia da aprendizaxe. Aprender pode ser unha aventura trepidante e nós acabamos acompañando a Arnau nesa viaxe de querer saber máis e máis. E esa mesma tensión fica ao rematar o libro. Non por casualidade o libro remata formulando varios interrogantes. Abriunos as portas á curiosidade por afondar nos diferentes temas que se foron tratando.

Conseguir isto é, de seu, un logro admirábel, porque conxuga varios aspectos, todos eles salientábeis. Primeiro, condensar nuns poucos centos de páxinas o que pode ocu-

par varios manuais de economía. Segundo, facer un tratamento academicamente correcto e facelo dun modo facilmente comprensíbel. Terceiro, tecer unha historia onde a información vai chegando nunha orde lóxica e onde o diálogo permite dar voz ás dúbidas que poden estar pasando na cabeza de quen está a ler. Cuarto, non fuxir dunha explicación ampla dos elementos básicos da economía convencional (toda a primeira parte do libro), recoñecendo a axuda dese instrumental para comprender o mundo que nos rodea, aínda que posteriormente se indiquen tamén os límites dese instrumental analítico. Quinto, entrar de cheo nos grandes problemas actuais aos que se enfrenta o estudo da economía e algúns dos seus principais debates (que ocupa a segunda parte do libro). Sexto, atreverse a facer propostas doutros modelos sociais e económicos (a terceira parte do libro).

Voume deter brevemente nos dous últimos puntos sinalados. O título do libro introduce un tema de base: a sustentabilidade ou sostibilidade. E realmente as dúas últimas partes do libro tratan sobre este tema, pero fano a partir de todo o explicado na primeira parte e referido á economía dominante, que ocupa case a metade do libro. Facelo así reforza as teses que se desenvolven posteriormente, mais tamén é un risco. Visto o título inicial poderíase ter a tentación de saltar a primeira parte e ir directo á lectura sobre as cuestións relacionadas coa sustentabilidade. Facer isto non é nada aconsellábel. A sustentabilidade é unha idea que, en orixe, supoñía unha carga de fondo ao sistema capitalista dominante, talvez non buscada de forma intencionada pero que rapidamente se deducía dos primeiros traballos neste ámbito. Este concepto, e máis aínda o concepto a el asociado de desenvolvemento sustentábel, sufriron un intento de baleirado dese contido crítico, para tratar de convertelos en propostas de cambio cosmético do capitalismo. Por iso, é tan importante entrar, como fai Vicent Cucarella, no coñe-

cemento preciso das cuestións básicas da economía, para entender despois mellor que, cando se fala de límites ao crecemento económico, do cénit do petróleo e da curva de Hubbert, da evolución da taxa de retorno enerxético e das alternativas enerxéticas, da reflexión sobre as necesidades, das propostas do decrecemento ou do reparto do traballo, estamos a falar dun cuestionamento radical dos fundamentos sobre os que se levanta todo o edificio económico actual. Desde esta perspectiva, non son posíbeis reformas superficiais, senón que se precisa de solucións complexas e a diferentes niveis (individual, colectivo ou institucional).

En definitiva, estamos diante dunha novela, dun manual de economía, e dun ensaio sobre a sustentabilidade e as alternativas económicas. Acho que sería un erro considerar que a lectura deba ir destinada unicamente a un público xuvenil semellante ao do seu protagonista. Considero que debería ser unha lectura moi recomendábel para estudantes de secundaria e bacharelato, máis tamén para o alumnado universitario, sobre todo nos primeiros cursos. Atrévome a dicir que tamén aconsellábel para todas aquelas persoas que, con coñecementos ou non de economía, queiran documentarse dun modo áxil nalgúns dos debates económicos imprescindíbeis na actualidade e no futuro próximo.

Léndoo refresquei coñecementos, aprendín cousas novas, fíxome reflexionar sobre distintos temas e divertínome cos diferentes diálogos. Pouco máis se pode pedir dun bo libro.

Xoán R. Doldán García
Decano da Facultade de CC. Económicas da USC
Agosto do 2019

ÍNDICE

Limiar de Xoán R. Doldán García.....	9
Limiar de Lluís Miret Pastor.....	13
1. O estudo da economía.....	17
Coñecín unha economista (venres, 5 de xuño).....	19
Que é a economía (sábado, 6 de xuño).....	22
A ciencia económica (mércores, 10 de xuño).....	28
Asignación de recursos escasos entre finalidades alternativas (luns, 15 de xuño).....	35
O custo de oportunidade.....	40
A produción, o rendemento e as preferencias (venres, 19 de xuño).....	45
Fronteira de posibilidades de produción.....	45
Rendementos crecentes e decrecentes.....	48
Economía de escala e fabricación en serie.....	49
Mapa de preferencias.....	51
Comercio (sábado, 20 de xuño).....	53
Economía de mercado (I). a demanda (mércores, 24 de xuño).....	58
Demanda.....	62
Economía de mercado (II). a oferta e o prezo de equilibrio (venres, 26 de xuño).....	65
Oferta.....	65
Prezo de equilibrio.....	67
Intervención do goberno no mercado (sábado, 27 de xuño).....	72
Externalidades.....	75
Distribución da renda.....	78
Garantir a vida en común.....	79

O diñeiro (sábado, 4 de xullo).....	81
O sistema financeiro e o diñeiro	85
O crecemento económico (mércores, 8 de xullo)	89
Crecemento económico e benestar	89
Crecemento con endebedamento.....	92
Crecemento exponencial.....	93
2. Un novo escenario	99
Límites ao crecemento (venres, 17 de xullo)	103
Capacidade de carga humana.....	104
Pegada ecolóxica.....	106
Paradoxo de Jevons.....	110
Os renos da illa de San Mateu.....	115
O cénit do petróleo e a curva de Hubbert (martes, 21 de xullo).....	117
A curva de Hubbert.....	118
Taxa de retorno enerxético (tre) e alternativas enerxéticas (mércores, 22 de xullo)	123
Taxa de retorno enerxético.....	123
Alternativas enerxéticas.....	125
As necesidades e a publicidade (xoves, 23 de xullo).....	135
Decrecemento (sábado, 25 de xullo).....	139
Repartir o traballo (martes, 28 de xullo)	148
3. Economía nun novo escenario	156
Outra sociedade é posible (venres, 31 de xullo)	159
Unha nova economía	159
Iniciativas	173
Cambiamos de utopía e abramos camiño.....	189
Biblioagradecimentos	193